

PEZA DO MES

maio

2013



REI DAVID
SANTA MARÍA DE COVAS. CEA



REI DAVID. CATEDRAL DE JACA

Rei David Santa María de Covas. Cea

A peza que nos ocupa ingresou no Museo por compra a don Urbano Ferreiro Pérez, industrial anticuario de Ourense, no ano 1972.

Trátase dun gran bloque granítico de 110 cm de alto por 37 de largo por 40 de profundidade no que aparece representada, nunha das súas caras, unha talla románica do rei David tocando un instrumento musical, en alto relevo.

Segundo consta no arquivo do Museo, a peza foi achada no pobo de Covas, Concello de San Cristovo de Cea, "... *La estatua en relieve del Rey David tocando el arpa, ..., fue encontrada en el pueblecito de Cobas, ...*". Si isto fose certamente así, sería a única testemuña arqueolóxica coetánea da ermida situada "na alto do antigo" e lendario castelo de Cobaria ou Cova Ursaria, cuxa fundación atribúe a tradición ao apóstolo Santiago. As fontes bibliográficas citan como señor de dita fortaleza a don Pedro Fernández de Castro, quen a doará ao mosteiro de Sobrado en 1143, sendo destruída, segundo Vicente Risco, na revolución Irmandiña. É moi posible que toda esta información non pase de ser unha versión máis dos Boán, "gente llana con ventura", para lexitimar a súa fidalguía e probar a súa nobleza, e que sitúan alí o episodio de San Marcelo e os seus fillos os santos Facundo e Primitivo; a historia está mesturada de tradición, lenda e falsos cronicóns, polo que a peza podería ter outra procedencia. O único certo é que na documentación estudada por Limia Gardón, no lugar, ata 1634, existía unha ermida que foi destruída para

edificar no seu solar a parroquial actual, que data do século XVIII.

Ademais das razóns anteriormente expostas, don Xesús Ferro promove e xustifica a súa adquisición ante o entón director xeral do Ministerio de Educación y Cultura "... *por que su factura, aunque de inferior calidad, presenta una grandísima semejanza con el Rey David del de la fachada de las Platerías de la catedral de Santiago. Interesa, por tanto, su adquisición, por tratarse de una obra románica, ..., relacionada con el famoso Maestro de las Platerías ...*".

En efecto, a obra, aínda que arcaica e de mediana calidade, é unha interpretación do David das Platerías. E falamos de interpretación e non de copia porque como opina Serafín Moralejo na arte románica non se pode falar de copia no sentido estrito do termo, ou mellor dito, no concepto clásico ou moderno da palabra. Porque nada foi máis prezado á arte medieval, e particularmente ao románico, como a *variatio*. O azar, a necesidade e a imposición de adaptarse ao marco arquitectónico configúranos as máis das veces. Non hai que esquecer, ademais, que o artista, no románico, non só tiña que inventar un estilo, senón recuperar un oficio que tiña perdido; ao escultor-artesano faltábanlle as destrezas suficientes para copiar fielmente un modelo, unha *academia*. Fóra dos grandes centros, nos monumentos secundarios, como sería probablemente o desta obra, os escultores ou os simples canteiros seguirían a tradición, a secuencia das formas creadas nos grandes centros de influencia da mellor maneira posible, quizais de maneira rutineira, pero nunca plaxiando. En calquera caso, se facemos un percorrido por todo o Camiño de Santiago dende o David da porta de Miègeville de Saint-Sernin de Toulouse a Compostela pasando polo capitel de Jaca, a árbore de Jesé de Santo Domingo de la Calzada ou ao David músico da fachada de san Isidoro de León, o tema iconográfico do rei David, preséntase como tradición, como "fluencia" de estreitas relacións forxadas en torno a personalidades principais, difundidas rapidamente por mestres que traballaban en talleres *in situ*.

Por outra banda a peza, malia a súa calidade e evidente deterioración, parécenos interesante dala a coñecer por varias razóns. Primeiro, a escaseza de pezas destas características conservadas nos museos de titularidade pública; segundo, os escasos exemplos que se conservan *in situ* de escultura antropomorfa de gran formato no románico rural da provincia, se exceptuamos a escultura catedralicia ou a monástica. Que nós coñezamos, só se conservan unhas pezas semellantes nas albanegas do arco da fachada de San Pedro da Mezquita, A Merca. Posición que propomos, dadas as súas características morfoloxicas, para a peza en cuestión. Xa fóra da provincia, dende o punto de vista funcional ou estrutural, podería estar colocada nunha situación pareci-



REI DAVID. PORTADA DAS PLATERÍAS

da á que ocupaban os símbolos dos Evanxelistas, desaparecidos nos anos cincuenta do século pasado do tímpano da fachada de poñente de san Lourenzo de Carboeiro, e hoxe conservadas no Museo Marés (Barcelona). Moi diferentes e desempeñando outra función serían as columnas cariátides, como as da portada de san Xoán de Vilar de Santos.

A figura aparece aparentemente erguida, pero paradoxalmente repousa os pés sobre un pequeno escabel, polo que a intención última do escultor era, claramente, representalo sentado. En relación ao resto do corpo, a súa cabeza está desproporcionada; o rostro, desdibuxado pola erosión, aparece barbado e coas meixelas infladas, a zona pomular bastante marcada e as orellas ben sinaladas. Vai tocado cun especie de *kipá* e cunha *atara* (voz asociada no

mundo xudeu a adorno ou a unha forma redondeada). Viste unha túnica aberta e curta de manga caída adornada cun filete e un manto aberto que deixa ver as pernas que, como no David das Platerías, aparecen cruzadas formando unha aspa. Os pés, a pesar de estaren moi degradados e estragados, irían calzados cos típicos zapatos do século XII, que seguindo o perfil do pé afusáanse na punteira e abotínándose cara aos nocellos. Está tocando unha vihuela ou xiga de tres cordas que apoia sobre o peito; coa man esquerda marca as notas sobre as cordas, mentres que coa dereita sostén o arco con que a fai soar. As roupaxes pretenden, sen logralo, mostrar a anatomía, cun pregado que resulta esquemático e que cae facendo ondas paralelas, semellantes aos que presenta o Cristo bendecendo, sentado nun trono e dentro dunha mandorla da antiga fachada *Francígena* e hoxe conservado no Museo da catedral. Toda a figura está acubillada baixo un arco ou nimbo, polo que é posible que formarse parte dun cortexo de músicos como na portada do Cordeiro de San Isidoro de León.

Debido á carencia de documentación e ao atoparnos ante unha peza illada do seu contexto orixinario, preséntasenos o problema da datación, inclinándonos a pensar, que a pesar do seu evidente arcaísmo é unha obra de finais do século XII.

Poucas figuras gozaron de tanta difusión e de interpretacións tan variadas como o rei David nos séculos do románico. A figura de David, altamente simbólica por ser o rei profeta elixido por Deus, modelo de xustiza, pero antigo fuxitivo perseguido polo rei Saúl e, despois, un dos fundadores do antigo reino de Israel, foi escollida e empregada varias veces polos soberanos castelano-leoneses como espello moral e exemplarizante: só fai falta pensar, por exemplo, no *Liber diurnus* de Fernando I e dona Sancha, onde aparece a figura de David facendo entrega do libro ou no debuxo do mesmo rei David que compón a inicial «I», algúns folios despois, segundo sinalou Sarafín Moralejo, ou na descrición de Fernando I como rei modélico na chamada *Historia Silensis*.

A súa presenza no repertorio iconográfico medieval foi constante. Foi símbolo e prefiguración de Cristo, exaltación da súa liñaxe real e do misterio da Encarnación. O rei músico amósase no mundo medieval como arquetipo do Mesías, e como un novo Orfeo que vence o mal e o demo coa música, “Tomou a palabra un dos servidores e dixo: vin tocar; un fillo de Jesé belenita que sabe tocar, é valeroso, bo guerreiro, de palabra amena, de agradable presenza, e Yahveh está con el”. Símbolo e preludio da cruz lígnea de Cristo e das ataduras da paixón son a madeira e as cordas das violas, xigas, arpas ou salterios con que soe estar representado.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Ana María Veiga Romero.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



XUNTA
DE GALICIA